

Regulamento para a inscrición de entidades e asociacións deportivas

Artigo 1. Obxecto.

O presente regulamento ten por obxecto a regulación do rexistro de asociacións deportivas con sede no Concello de Ourense, configurando un instrumento básico de coñecemento, ordenación e publicidade de asociacións existentes nesta cidade.

Artigo 2. Inscrición.

A inscrición no rexistro de asociacións terá carácter voluntario e gratuíto.

A inscrición non é requisito constitutivo, se ben será necesario para o aproveitamento das subvencións que poida establecerse.

Artigo 3. Entidades que poden ser inscritas.

Poderán inscribirse no rexistro de asociacións as entidades que desenvolvan uns fins comúns encamiñados á promoción, información, formación e integración deportiva da sociedade ourensá.

Artigo 4. Obrigacións.

As asociacións inscritas deberán remitirle anualmente ó Consello Municipal de Deportes unha memoria da actividade realizada durante o ano anterior. Nela describirán os medios e fontes de financiamento propios ou externos, así como se reciben subvencións doutras entidades públicas ou privadas. Ademais, e dentro desde mesmo prazo, presentarán o programa de actividades que desenvolverán no ano en curso.

Artigo 5. Cancelación.

A inscrición da asociación cancelarase pola extinción desta ou petición de parte, ou por inactividade por un período de dous anos consecutivos, así como o incumprimento dos requisitos e obrigacións do presente regulamento.

A cancelación acordarase de oficio o a instancia de parte interesada, por resolución da Xunta de Goberno do Consello Municipal de Deportes, trala tramitación do oportuno expediente no que será escoitado, sempre e en todo caso, o titular ou representante legal da entidade.

O Consello Municipal de Deportes, no exercicio das súas funcións, poderá requiririlles ás entidades inscritas canta información sexa necesaria, para os efectos previstos no artigo 1 do presente regulamento.

O rexistro é público e os cidadáns accederán a el nos termos e condicións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réximen xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 6. Feitos inscribibles.

Serán obxecto de inscrición respecto ás entidades sometidas ó ámbito deste regulamento.

1. Constitución da entidade:

- a) Número de orde asignada á asociación no rexistro.
- b) Denominación da asociación.
- c) Data de constitución.
- d) Fins sociais perseguidos.
- e) Patrimonio fundacional.
- f) Orzamento inicial.

- g) Ámbito territorial.
- h) Domicilio principal e outros locais da asociación.
- i) Data da inscrición.
- 2. Modificacións estatutarias:
 - a) Extracto das modificacións.
 - b) Data da modificación.
 - c) Data da inscrición da modificación estatutaria.
- 3. Membros que compoñen os seus órganos de goberno.
- 4. Disolución:
 - a) Motivos determinantes da disolución.
 - b) Aplicación estatutaria ou legal do patrimonio social.
 - c) Data da inscrición da disolución.

Artigo 7. Inscrición.

A inscrición no rexistro iniciase mediante a presentación no Rexistro do Consello Municipal de Deportes da solicitude e da documentación pertinente pola asociación interesada a través do seu representante.

A solicitude da inscrición irá dirixida ó presidente do Consello Municipal de Deportes, asinada polo representante da asociación, debendo acompañala seguinte documentación.

1. Copia da acta de constitución ou fundacional con sinaturas orixinais dos promotores (tres exemplares).
2. Copia dos estatutos rectores da asociación asinados polo menos por dous promotores en tódalas súas follas (tres exemplares), no que deberán constar como mínimo os seguintes datos:
 - a) Denominación da entidade que non poderá ser idéntica ás doutras asociacións xa rexistradas, nin tan semellante que poida inducir erro. En caso contrario denegarase a acreditación mediante resolución motivada.
 - b) Fins determinados que se propoñen e actividades que desenvolverá.
 - c) Domicilio social principal e, de selo caso, outros locais da asociación.
 - d) Ámbito territorial de actuación.
 - e) Órganos de goberno e administración.
 - f) Procedemento de admisión e perda da condición de socio nas súas diversas categorías.
 - g) Deberes e dereitos dos asociados.
 - h) Sistema de elección dos cargos representativos e de goberno, que deberá garanti-la súa provisión mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto dos asociados.
 - i) Patrimonio fundacional, recursos económicos previstos e límites do orzamento anual.
 - j) Destino que terá o patrimonio social de se-lo caso de disolución.
 - k) Réxime documental da asociación que comprenderá como mínimo o libro de rexistro de socios, os de actas e contabilidade.
 - l) Causas de extinción e, de se-lo caso, destino que debe darse ó seu patrimonio.
3. Relación nominal das persoas que ocupan cargos directivos co seu domicilio e DNI.
4. CIF da asociación.
5. Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións e noutros rexistros públicos.
6. Domicilio social.

7. Orzamento do ano en curso.
8. Programa de actividades do ano en curso.
9. Certificado do número de socios.
10. Ficha de terceiros.
11. Tres libros: libro de actas, libro de socios e libro de contas.

No prazo de quince días desde a solicitude de inscrición, e salvo que esta tivera que interromperse pola necesidade de achegar documentación non incluída inicialmente, o Consello Municipal de Deportes notificará á asociación o seu número de inscrición e a partir de ese momento considerarase de alta a tódolos efectos.

Artigo 8. Inscrición da modificación e disolución.

As asociacións inscritas están obrigadas a notificarlle ó rexistro toda modificación de datos dentro de mes seguinte ó que se produza a efectos de anotación no rexistro, presentando para iso solicitude acompañada da documentación que as acredite.

Para a inscrición da modificación de estatutos de calquera das asociacións requírese a seguinte documentación: